

**ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **30 de decembro de 2010**, adoptou o seguinte acordo:

**8.- Adxudicación da subministración de bancos, papeleiras e contedores. Expte. 5172/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do secretario da mesa de contratación, do 28.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- Moycosa, S.A. 100 puntos

2º.- Calfensa Proyectos, S.A. 26,75 puntos.

Segundo.- Excluir as mercantís PROSEÑAL, por non aportar o modelo de banco solicitado .

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, Moycosa, S.A., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Este acordo foi notificado ó citado licitador o día 14 de decembro de 2010, que presenta a documentación requirida en data 21 de decembro de 2010, dentro do prazo sinalado.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

O artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 135.4 LCSP).

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da

mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas, circunstancias que concorren no presente caso.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á mercantil MOYCOSA S.A.. o procedemento aberto para a contratación de subministros de DE BANCO, PAPELEIRAS E BOLARDOS. EXPTE. 5172/446., por un prezo total de 400.000.- euros (IVE incluído), e unha rebaixa porcentual única para todos os materiais do contrato de un dezaseis por cen (20%).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta de decembro do ano dous mil dez.

am

V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.